

Relacións e unidades semánticas

1. Palabras polisémicas.

Na lingua existen **palabras monosémicas**, é dicir, que teñen un único significado (por exemplo, *oficina*) pero tamén hai moitas que encerran dous ou máis significados, é dicir, son **palabras polisémicas**.

A polisemia é a situación que se produce cando unha palabra posúe varios significados.

Esta situación débese principalmente a que unha palabra foi ampliando o seu significado ao longo do tempo. É o que sucede, por exemplo, coa palabra *sol* que inicialmente se refería ao astro do noso sistema planetario e logo pasou a referirse, entre outras cousas, á calor e luz que procede desa estrela (*vai moito sol*) ou a ser unha maneira cariñosa de chamarlle a alguén (*ven aquí, meu sol*).

Boa parte das palabras da lingua son polisémicas e é o contexto no que están inseridas o que permite comprender cal é o significado a que se refire, así se dicimos que a alguén *o colleu o sol* calquera comprende que ese alguén non foi agarrado por un raio solar senón que estivo exposto á súa calor.

Cada un dos significados dunha palabra polisémica denomínase **acepción**. No dicionario recoñecemos que unha palabra é polisémica porque no seu interior figuran, numeradas, as distintas acepcións.

2. A homonimia.

Ás veces sucede que hai palabras que semellan polisémicas pero en realidade non o son porque non se trata dunha palabra con varias acepcións senón de palabras diferentes que, por diversas circunstancias, coinciden na maneira de escribirse e/ou pronunciarse.

A homonimia é a relación que se establece entre dúas ou máis palabras diferentes, distintas na orixe, pero que coinciden na forma escrita e/ou na pronuncia

Esta situación prodúcese basicamente porque dúas palabras diferentes na orixe evolucionaron foneticamente de maneira que confluíron na mesma forma aínda que cada unha delas mantivo o seu significado.


Latín RIVU > galego "río" (substantivo)

Latín RIDO > galego "río" (verbo)

Tamén pode darse cando tomamos un préstamo doutra lingua que coincide na forma con palabras propias. Isto foi o que pasou, por exemplo, coa nota musical *sol* que, igual que o resto das notas musicais, é a primeira sílaba dun grupo de palabras dun himno. A coincidencia entre dúas palabras pode ser total (na pronuncia e na escrita) e entón diremos que hai **homonimia total**, é o que sucede con palabras como *sol* (astro) e *sol* (nota). Mais na maior parte dos casos o que temos é unha **homonimia parcial** (só hai

coincidencia na pronuncia ou só na escrita). Cando a homonimia é parcial podemos distinguir:

- **Homofonía:** Dáse cando dúas palabras se pronuncian igual pero escríbense de forma diferente: *baca/vaca, balor/valor...*
- **Homografía:** Dáse cando a identidade entre as dúas palabras é só a nivel gráfico: *vela* (dun barco) / *vela* (ver+a). Neste caso a pronuncia é distinta



3. Polisemia vs Homonimia

Ás veces non é doado distinguir a polisemia da homonimia, é dicir, saber se é unha soa palabra con varios significados ou se son palabras diferentes que coinciden no significante. Formas para facelo:

1. As palabras homónimas teñen dúas ou máis entradas no dicionario. As polisémicas unha soa con varias acepcións
2. Se sabemos a orixe das palabras, as homónimas proceden sempre de dous étimos distintos que chegaron aos nosos días coincidindo na forma ou na pronuncia. *Pena* (latín *poena*) e *pena* (latín *pinna*)
3. As palabras homónimas poden ser de categorías gramaticais diferentes: *bonito* (*adx*) e *bonito* (*subst*)
4. Os significados de dúas palabras homónimas non presentan ningún tipo de relación entre os seus significados: *habano* / *abano*. Pola contra as polisémicas si.

4. Exemplos

Palabras homónimas

Bago / vago: homónimas homófonas e non homógrafas.

Balor / valor: homónimas homófonas e non homógrafas.

Óso / oso: homónimas homógrafas non homófonas.

ven (imperativo vir) / ven (presente ver): homónimas homógrafas e homófonas.

ven (presente ver ou imperativo vir) / vén (presente vir): homónimas, homógrafas non homófonas.

ben / vén (presente vir): homónimas, non homógrafas e homófonas.

Podo (podar) /podo (poder): homónimas, homógrafas e non homófonas.

5. A sinonimia

A sinonimia é a relación que se produce entre varias palabras que comparten o mesmo significado.

Existen dous tipos de termos sinónimos:

- **Sinónimos totais:** Son os que teñen exactamente o mesmo significado e son totalmente intercambiabes en calquera contexto. Existen moi poucos casos: *cerca e preto, raposo e golpe, bicos e beixos...*
- **Sinónimos parciais:** Son termos que teñen un significado común pero que só son intercambiabes en determinadas circunstancias, ben porque o significado dos termos é moi amplo e só coincide nunha das súas acepcións (mirar, observar), ben porque un termo é máis coloquial ca outro (chapar, memorizar) ou porque un é un termo común e o outro un tecnicismo (cefalea, dor de cabeza).

6. Antonimia

Igual que existen palabras que teñen o mesmo ou similar significado, tamén hai outras que teñen significados opostos: son **antónimos**. O que ocorre é que a relación de oposición establécese de tres formas diferentes:

- **Termos complementarios:** son aqueles que se exclúen mutuamente, é dicir, a afirmación dun implica a negación do outro, o significado de un é incompatible co do outro: *vivo/morto, aberto/pechado, subir/baixar, dereita/esquerda*
- **Termos graduais:** son termos que, xunto con outros, forman parte dunha gradación, daquela a alternancia non é a única posibilidade entre eles porque hai outros termos que tamén poderían aparecer. É o que sucede entre, por exemplo, *branco e negro* pois tamén cabe a posibilidade do *gris, azul...* ; entre *bo e malo, regular* ou entre *quente e frío, morno e tépedo*
- **Termos recíprocos:** son aqueles termos que se afirman mutuamente porque son dúas caras da mesma moeda, afirmar un implica simultaneamente a afirmación do outro, non pode existir un sen o outro. Dáse esta relación en parellas como: *alumno/profesor, preguntar/responder...*


7. Campos semánticos

Todas as palabras da lingua, dunha ou doutra maneira, gardan relacións semánticas con outras palabras, de xeito que todas poden caber nalgún grupo de palabras con parte do seu significado común. Cada un deses grupos denomínase campo semántico.

O campo semántico é o conxunto de todas as palabras que teñen parte do seu significado en común, ou sexa, comparten un mesmo sema e opóñense entre elas por teren outros semas diferentes

Cómpre termos en conta que os campos semánticos son innumerables e que a súa extensión dependerá de se o significado común é máis xenérico ou máis concreto. Por exemplo, o campo semántico dos animais estaría formado por todas as palabras que significan “ser vivo non humano nin planta” e resulta inmenso, mais se só buscamos as palabras que teñen en común referirse a “animais mamíferos” o campo redúcese moito. As relacións que gardan entre si os elementos que constitúen un campo semántico son as seguintes:

- **Hiperónimia:** é o termo que serve para dar nome ao campo semántico, xa que é a relación que se establece entre un signo de significado extenso ou xeral e outro máis específico incluído nel: *animal*.
- **Hipónimia:** relación entre unha palabra de significado concreto e outro máis xeral; os hipónimos serven para designar cada unha das palabras que forman o campo: *can, gato, cebra...*
- **Cohipónimia/cohipónimos:** Reciben este nome os elementos que compoñen o campo tendo en conta a relación que teñen cos outros compoñentes: *can* é un cohipónimo de *gato*, e viceversa.



E non confundas campo semántico con **familia léxica**. Lembra que as familias léxicas están formadas polo conxunto de palabras que comparten o mesmo lexema.

8. Cambio semántico

Todos os aspectos dunha lingua sofren cambios ao longo da historia. As causas dos cambios semánticos costuman ser históricas, psicolóxicas, sociais ou lingüísticas.

Consecuencias do cambio semántico:

- a) creación de novas palabras: neoloxismo.
- b) perda dunha palabra: arcaísmo.
- c) cambio de significado.
- d) ampliación de significado.